

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 10 de outubro de 2022 pola que se dá publicidade da resolución de concesión do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

Mediante a Resolución do 30 de maio de 2022 (DOG núm. 111, do 10 de xuño), publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial e procedeuse á súa convocatoria para o exercicio 2022, en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 13.2 que a resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da Resolución definitiva do 6 de outubro de 2022 de concesión do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (epígrafe Consulta de resolucións definitivas, <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>). O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. A Resolución do 6 de outubro de 2022 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, previamente poderá interpoñer recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022

Fernando Guldrís Iglesias
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

